

1.5. inflación e tipos de xuro

O CRECEMENTO ANUAL EN TERMO medio do Índice de Prezos ó Consumo (IPC) en 2003 foi do 3,1%, situándose sete décimas por baixo do crecemento rexistrado en 2002 e unha décima por baixo da taxa de inflación do conxunto do Estado en 2003.

Esta evolución favorable do nivel de prezos ó longo dos dous últimos anos reflíctese no **gráfico 1.5.1.** que amosa cómo as taxas de variación interanuais da inflación sitúanse por baixo da media estatal tan só nos derradeiros cinco meses do período considerado.

Á hora de analiza-la evolución da inflación e tipos de xuro teranse en conta os datos facilitados polo INE, o Banco de España, o Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales e o Consello Galego de Relacións Laborais.

Índice de prezos ó consumo

Ó longo do ano 2003 o incremento medio do índice xeral do IPC foi do 3,1%,

1.5.1.

Índice de prezos ó consumo 2002-03. Ponderacións en Galicia e España

	Galicia		España	
	2002	2003	2002	2003
Índice xeral	1.000	1.000	1.000	1.000
Alimentos e bebidas non alcohólicas	234,773	235,046	218,630	219,309
Bebidas alcohólicas e tabaco	31,828	31,496	32,170	31,822
Vestido e calzado	114,926	114,638	99,280	98,993
Vivenda	96,466	93,344	110,260	106,841
Menaxe	70,672	71,099	63,571	64,101
Medicina	27,493	27,015	28,062	27,529
Transporte	162,053	159,486	155,760	153,233
Comunicacións	22,499	23,927	25,729	27,345
Ocio e cultura	59,243	60,355	67,263	68,338
Ensino	14,240	13,646	17,444	16,747
Hoteis, cafés e restaurantes	99,956	99,198	112,708	111,810
Outros bens e servizos	65,850	70,750	69,124	73,933

Fonte: INE

1.5.2.

IPC xeral ⁽¹⁾ nas CC.AA. 2002-03 índices e taxas de variación das medias anuais

	2002	2003	03/02
			(%)
Andalucía	103,4	106,5	3,0
Aragón	103,6	106,7	2,9
Asturias	103,7	106,7	3,0
Baleares	103,8	106,9	3,0
Canarias	102,6	104,9	2,2
Cantabria	103,4	106,2	2,7
Castela e León	103,4	106,2	2,7
Castela-A Mancha	103,5	106,4	2,9
Cataluña	103,7	107,3	3,5
C. Valenciana	103,5	106,5	2,9
Extremadura	103,1	105,6	2,5
Galicia	103,8	107,0	3,1
Madrid	103,6	106,7	3,0
Murcia	103,5	107,4	3,7
Navarra	103,8	107,0	3,1
A Rioxa	103,7	107,1	3,3
País Vasco	103,7	106,6	2,8
Ceuta-Melilla	103,3	106,9	3,5
Total	103,5	106,7	3,0

(1) base 2001
Fonte: INE

sete décimas inferior ó experimentado no ano anterior, e unha décima inferior ó do conxunto do Estado (3,0% en 2003). Comparado co resto das comunidades autónomas, **cadro 1.5.2.**, Galicia sitúase, tras Murcia (3,7%), Cataluña (3,5%) e A Rioxa (3,3%), ademais de Ceuta e Melilla (3,5%), como unha das comunidades coas taxas de variación das medias anuais máis elevadas.

A provincia de A Coruña volta presenta-la taxa de inflación máis elevada, cun 3,3%, seguida de Pontevedra co 3,0%.

O **cadro C.1.7.** (*IPC galego e español 2002-03: medias e taxas de variación das medias anuais*) amosa que Ourense e Lugo rexistraron as taxas máis baixas, cun 2,8%.

Atendendo á evolución da inflación segundo “grupos especiais”, o **cadro 1.5.3.** indica que os grupos que presentan unha maior taxa de crecemento, tanto no conxunto do Estado como en Galicia, son os de alimentos sen elaboración (6,0% e 5,7%, respectivamente) e os dos servizos, que presentan unha medra do 3,7% e 3,3%

1.5.3.

IPC galego e español 2002-03: distribución segundo grupos especiais (1)

	2002		2003		03/02	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
					(%)	
Xeral	103,8	103,5	107,0	106,7	3,1	3,0
Alimentos con elaboración, bebidas e tabaco	104,6	104,3	107,6	107,4	2,9	3,0
Alimentos sen elaboración	105,6	105,8	111,6	112,2	5,7	6,0
Bens industriais	102,5	101,9	104,9	103,8	2,4	1,9
Bens industriais duradeiros	101,4	101,0	102,1	101,3	0,7	0,3
Bens industriais non duradeiros	103,0	102,3	106,1	105,0	3,1	2,6
Productos enerxéticos	100,2	99,8	101,6	101,2	1,4	1,4
Bens industriais sen enerxía	102,6	102,0	105,1	104,0	2,4	1,9
Bens industriais sen produtos enerxéticos	103,1	102,5	105,8	104,6	2,6	2,0
Servizos (con aluguer de vivenda)	104,8	104,6	108,3	108,4	3,3	3,7
Servizos sen aluguer de vivenda	104,9	104,6	108,3	108,4	3,3	3,6
Xeral sen alimentos, bebidas e tabaco	103,4	103,1	106,3	105,9	2,8	2,7
Xeral sen produtos enerxéticos	104,2	103,9	107,6	107,3	3,2	3,2
Xeral sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos	104,1	103,7	107,1	106,8	2,9	2,9
Xeral sen aluguer de vivenda	103,8	103,5	107,0	106,6	3,1	3,0
Xeral sen servizos (inclúe aluguer de vivenda)	103,4	103,0	106,5	105,9	3,0	2,7
Xeral sen servizos nin aluguer de vivenda	103,4	103,0	106,5	105,8	2,9	2,7

(1) medias anuais
Fonte: INE

se se considera o alugamento de vivenda, ou de 3,6% e 3,3% no caso en que non o consideremos. A inflación subxacente (non considera os alimentos non elaborados nin os produtos enerxéticos) presentou en 2003 unha taxa de crecemento medio do 2,9% en Galicia e España.

O devandito cadro amosa como Galicia, comparado coa media estatal, presenta unhas taxas de variación das medias anuais superiores no caso dos bens industriais e dos produtos enerxéticos, sendo inferiores tanto no caso dos alimentos como dos servizos.

O **cadro 1.5.4.** amosa como en 2003, tanto no caso de Galicia como de España, as taxas de variación interanuais máis elevadas rexístranse no primeiro trimestre do ano, e as máis baixas no derradeiro trimestre. No mes de abril a taxa de inflación galega baixou ó 3,3%, manténdose constante no 2,9% entre maio e agosto, e acadando o 2,8% en setembro.

Fronte ó repunte das tensións inflacionistas a partir de agosto de 2003 no conxunto do Estado, no derradeiro trimestre do ano os prezos medraron menos en Galicia que no resto das comunidades

autónomas. A taxa interanual de variación do IPC neste trimestre foi en Galicia do 2,4% namentres que en España acadou o 2,7%.

Galicia presenta taxas de variación interanuais superiores ás españolas nos sete primeiros meses do ano, en tanto que entre agosto e decembro de 2003 as taxas de inflación galegas son inferiores ás españolas (**cadro 1.5.4.** e **gráfico 1.5.1.**).

Este cambio prodúcese en parte pola evolución da “alimentación, bebidas e tabaco”, e máis concretamente polos alimentos sen elaboración. Nos derradeiros cinco meses do ano 2003 o incremento do prezo destes produtos é case dous puntos inferior en Galicia (2,3 puntos porcentuais en novembro, 1,8 puntos en outubro e decembro, 1,7 puntos porcentuais en setembro). No caso dos bens industriais (tanto duradeiros como non duradeiros), produtos enerxéticos e carburantes e combustibles, o incremento dos prezos é lixeiramente superior en Galicia que en España neses meses.

Un factor de análise sempre discutido no contexto da creación da inflación é a variación dos salarios monetarios. Tendo

1.5.4.


IPC galego e español 2003: índice e taxas de variación mensuais e anuais

	Índice		Variación mensual (1)		Variación anual (2)		Variación no que vai de ano	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
	(Base 2001 = 100)		(%)					
Xaneiro	105,3	105,0	-0,8	-0,4	4,0	3,7	-0,8	-0,4
Febreiro	105,5	105,2	0,2	0,2	3,9	3,8	-0,5	-0,2
Marzo	106,4	106,0	0,8	0,7	3,9	3,7	0,2	0,5
Abril	107,2	106,8	0,8	0,8	3,3	3,1	1,1	1,3
Maio	107,2	106,7	-0,1	-0,1	2,9	2,7	1,0	1,2
Xuño	107,2	106,8	0,0	0,1	2,9	2,7	1,0	1,3
Xullo	106,4	106,1	-0,7	-0,6	2,9	2,8	0,3	0,6
Agosto	106,7	106,6	0,3	0,5	2,9	3,0	0,6	1,1
Setembro	107,1	106,9	0,3	0,3	2,8	2,9	0,9	1,4
Outubro	108,2	107,7	1,0	0,7	2,4	2,6	1,9	2,1
Novembro	108,4	108,0	0,2	0,3	2,5	2,8	2,2	2,4
Decembro	108,6	108,2	0,1	0,2	2,3	2,6	2,3	2,6

(1) calculada sobre o mes anterior
 (2) calculada sobre o mesmo mes do ano anterior
 Fonte: INE

G.1.5.1.

Evolución mensual do IPC xeral en Galicia e España 2002-03



Fonte: INE

en conta a relación entre as ganancias salariais (pagos ordinarios) por traballador e mes e os incrementos salariais pactados, o **cadro C.2.9.** (*Custo laboral segundo traballador e mes e segundo hora efectiva nas CC.AA. 2002-03*) amosa que Galicia é a cuarta comunidade autónoma cos salarios reais máis baixos, con 1.112,80 euros en 2003 (170,82 euros menos que a media no conxunto do Estado), só por diante de Estremadura, Murcia e Canarias.

En termos relativos, o incremento salarial real en Galicia foi de 1,9%, un

punto e unha décima inferior ó rexistrado no conxunto do Estado, sendo a comunidade autónoma co menor incremento respecto ó ano anterior.

O incremento salarial medio pactado nos 246 convenios asinados ou revisados en 2003 foi do 3,50%, en tanto que o incremento do IPC galego foi do 3,1%. Se se teñen en conta os incrementos salariais indicados nos convenios rexistrados en anos anteriores pero con vixencia en 2003, o incremento medio pactado é do 3,92%.

1.5.5.

Rendementos da débeda pública a longo prazo en España e UE 2001-03 ⁽¹⁾

	2001	2002	2003
	(%)		
Zona euro	5,03	4,92	4,16
Alemaña	4,80	4,78	4,07
Austria	5,07	4,97	4,15
Bélxica	5,13	4,99	4,18
Dinamarca	5,08	5,06	4,31
España	5,12	4,96	4,12
Finlandia	5,04	4,98	4,13
Francia	4,94	4,86	4,13
Grecia	5,30	5,12	4,27
Holanda	4,96	4,89	4,12
Irlanda	5,01	5,01	4,13
Italia	5,19	5,03	4,25
Luxemburgo	4,86	4,70	3,32
Portugal	5,16	5,00	4,18
Reino Unido	5,01	4,91	4,58
Suecia	5,11	5,30	4,64

(1) empregados para a medición da converxencia dos países da UE
 Fonte: Banco de España, Boletín estadístico

Cómpre salientar que tanto os datos estatísticos relativos á negociación colectiva (por mor do posible solapamento de cifras entre as unidades de negociación funcionais e territoriais) como os relativos ó crecemento real dos salarios e a propia representatividade da mostra, que non se corresponde coa totalidade da poboación asalariada, hai que analizalos con cautela.

No concernente a outros indicadores de prezos, o **cadro C.1.9.** (*Índice de prezos industriais nas CC.AA. 2003: distribución segundo destino económico*) amosa que o índice xeral de prezos industriais en Galicia rexistrou no ano 2003 unha medra do 1,2% respecto ó ano anterior, sendo esta porcentaxe unha décima superior á rexistrada no conxunto do Estado.

Atendendo á desagregación segundo destino económico, o devandito **cadro** reflicte un incremento do 3,1% nos prezos dos bens de consumo (2,4% no conxunto do Estado), sendo esta porcentaxe do 3,1% no caso dos bens de consumo non duradeiro (2,3% de media en España) e 0,9% no dos bens de consumo duradeiro (2,1%). O prezo dos bens de equipamento incrementouse en Galicia un 1,1% (dúas décimas menos que o rexistrado no conxunto do Estado) e os prezos dos bens intermedios o fixo nun 0,6% (tres décimas

menos que en España). Pola contra, o prezo dos bens enerxéticos descende tanto no caso de Galicia como no total estatal, sendo de 0,8% en Galicia e de 1,1% en España.

No caso dos produtos agrícolas, os **cadros 3.2.10.** (*Índice de prezos percibidos polos agricultores 2002-03: medias anuais españolas*) e **3.2.11.** (*Índice de prezos pagados polos agricultores 2002-03: medias españolas*) amosan que o índice xeral de prezos percibidos polos agricultores medrou un 5,5% en relación ó ano 2002, mentres que os prezos pagados no caso dos bens e servizos de uso corrente o fixo nun 1,2% e un 2,7% no caso dos bens de investimento.

Atendendo á desagregación segundo produtos, o devandito **cadro 3.2.10.** reflicte que o índice de prezos percibidos polos agricultores no caso dos produtos agrícolas e vexetais foron os que rexistraron as maiores medras, co 9,5% e 8,85, respectivamente, sendo este incremento do 4,5% nos produtos gandeiros e do 2,9% no caso dos produtos forestais.

Tipos de xuro

No ano 2003 rexístrase unha caída do rendemento da débeda pública a longo

1.5.6.

Tipos de xuros en España 2001-03

	Tipo de xuro legal	Tipo interbancario		Tipo activo de referencia de caixas de aforro	Tipo medio préstamos hipotecarios a máis de 3 anos. Adquisición de vivenda libre		
		Mibor a un ano	Euribor a un ano		Adquisición de vivenda libre		
					Bancos	Caixas de Aforro	Conxunto entidades
2001	5,50	4,077	4,084	6,646	5,597	5,926	5,760
2002	4,25	3,489	3,493	5,875	4,687	4,896	4,795
2003	4,25	2,341	2,336	5,042	3,627	3,791	3,713

Fonte: Banco de España, Boletín estadístico

prazo nos 15 países da zona euro (**cadro 1.5.5**). En España o tipo de interese dos bonos a dez anos acadou os 4,12% fronte ós 4,96% do ano anterior, sendo na Unión Europea de 4,16% e 4,92%, respectivamente.

O **cadro 1.5.6** reflicte que no ano 2003 mantense o tipo de xuro legal no 4,25, descendendo tanto o tipo interbancario a un ano, que acada os 2,336 no caso do euribor (3,493 no ano anterior) e os 2,341 no caso do mibor (3,489 en 2002) como “tipo medio dos préstamos hipotecarios a máis de tres anos. Adquisición de vivenda libre”, que baixa do 4% no ano 2003, acadando os 3,713 fronte ós 4,795 do ano anterior. ■